

# Cámaras Galicia



CÁMARA OFICIAL  
DE COMERCIO,  
INDUSTRIA Y  
NAVEGACIÓN DE  
OURENSE



CÁMARA OFICIAL  
DE COMERCIO, INDUSTRIA  
Y NAVEGACIÓN DE  
TUI



CÁMARA OFICIAL  
DE COMERCIO, INDUSTRIA  
Y NAVEGACIÓN DE  
FERROL



CÁMARA OFICIAL  
DE COMERCIO, INDUSTRIA  
Y NAVEGACIÓN DE  
PONTEVEDRA



CÁMARA OFICIAL  
DE COMERCIO, INDUSTRIA  
Y NAVEGACIÓN DE  
A CORUÑA



CÁMARA OFICIAL  
DE COMERCIO, INDUSTRIA  
Y NAVEGACIÓN DE  
VIGO



CÁMARA OFICIAL  
DE COMERCIO, INDUSTRIA  
Y NAVEGACIÓN DE LA  
PROVINCIA DE LUGO



CÁMARA OFICIAL  
DE COMERCIO, INDUSTRIA  
Y NAVEGACIÓN DE  
VILAGARCÍA DE AROUSA



CÁMARA OFICIAL  
DE COMERCIO, INDUSTRIA  
Y NAVEGACIÓN DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

## GUÍA DAS BOAS PRÁCTICAS

# MEDIOAMBIENTAIS



## HOSTALERÍA

XUNTA DE GALICIA

## PRESENTACIÓN

O principal obxectivo desta guía é promover a mellora continua da actividade da hostalería en relación co medio ambiente, a través da presentación dunhas recomendacións prácticas para a mellora da eficiencia medioambiental.

Unha vez levada a cabo a implantación das recomendacións propostas conseguirase:

- Reduci-lo consumo dos recursos enerxéticos de toda indole.
- Reduci-lo consumo de auga.
- Diminuí-la xeración de residuos e facilita-la súa reutilización.
- Mellora da competitividade da empresa mediante:
- Racionalización e aforro de recursos naturais e o consumo de materias primas, enerxía e auga, o que permitirá un aforro de custos.
- Mellora do control dos procesos e eficiencia no desenvolvemento das súas actividades.
- Planificación da estratexia e actividade da empresa ó introducir como factor para a súa mellora continua a protección do medio ambiente.
- Mellora da imaxe da empresa, ante os clientes, usuarios e traballadores.
- Concienciación dos empregados así como dos usuarios mediante unha correcta formación e información, o que redundará nunha boa integración das medidas adoptadas para a mellora e coidado do medio ambiente.



### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

#### **Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.**

Rúa dos Feáns, 7º C  
15706 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 541 055 - Fax: 981 541 100

#### **Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural**

San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 109 - Fax: 981 546 101

#### **Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental**

Basquiños, 2  
15703 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 541 755 - Fax: 981 541 757

#### **Gabinete de Comunicación**

Basquiños, 2  
15704 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 541 721 - Fax: 981 541 727

DELEGACIÓN PROVINCIAIS da Consellería.

#### **A Coruña**

Edificio Servicios Múltiples  
Praza Luís Seoane s/n  
15008 A Coruña  
Teléfono: 981 184 501 - Fax: 981 184 651

#### **Lugo**

Ronda da Muralla nº 70  
27003 Lugo  
Teléfono: 982 294 525 - Fax: 982 294 539

#### **Ourense**

Rúa do Paseo, 18-5º  
32004 Ourense  
Teléfono: 988 386 023 - Fax: 988 386 009

#### **Pontevedra**

Rúa Benito Corbal, 47-4º  
36071 Pontevedra  
Teléfono: 986 805 594 - Fax: 986 805 485

### CÁMARAS DE COMERCIO

#### **Cámara de Comercio de Vilagarcía de Arousa**

Praza Ravella, 13-3º - 36600 Vilagarcía  
Teléfono: 986 500 447 - Fax: 986 500 621

#### **Cámara de Comercio da Coruña**

Rúa Alameda, 30-2º - 15003 A Coruña  
Teléfono: 981 216 072 - Fax: 981 225 208

#### **Cámara de Comercio de Lugo**

Avenida Ramón Ferreiro, 18 - 27002 Lugo  
Teléfono: 982 284 003 - Fax: 982 244 301

#### **Cámara de Comercio de Santiago de Compostela**

Rúa San Pedro Mezonzo, 44 - 15701 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 596 800 - Fax: 981 590 322

#### **Cámara de Comercio de Vigo**

Rúa Velázquez Moreno, 29-3º y 4º - 36202 Vigo  
Teléfono: 986 222 530 - Fax: 986 435 659

#### **Cámara de Comercio do Ferrol**

Rúa María, 158 - 15401 Ferrol  
Teléfono: 981 351 960 - Fax: 981 356 758

#### **Cámara de Comercio de Ourense**

Avenida da Habana, 30 - 32003 Ourense  
Teléfono: 988 232 114 - Fax: 988 233 088

#### **Cámara de Comercio de Pontevedra**

Rúa Xardíns de Vicenti, 4-2º A  
36001 Pontevedra  
Teléfono: 986 866 303 - Fax: 986 862 643

#### **Cámara de Comercio de Tui**

Rúa Augusto González Besada  
Edificio Plaza  
36700 Tui  
Teléfono: 986 600 216 - Fax: 986 601 512

## LEXISLACIÓN

- Lei 1/95 de protección ambiental de Galicia.
- Decreto 2414/61, polo que se aproba o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas (RAMINP).
- Lei 29/85, de augas.
- Real decreto 849/86, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico. Complementa a Lei 29/85.
- Real decreto 484/95, sobre medidas de regularización e control de vertidos de augas residuais.
- Lei 10/97, de residuos sólidos urbanos de Galicia.
- Lei 11/97, sobre envases e residuos de envases.
- Lei 10/98 de residuos.
- Real decreto 833/88, de residuos tóxicos e perigosos, reformado por Real decreto 952/97.
- Real decreto 782/98, que desenvolve a Lei 11/97, de envases e residuos de envases.
- Decreto 260/98, polo que se regula a autorización de xestor de residuos sólidos urbanos e a inscrición no rexistro de xestores de RSU de Galicia
- Decreto 263/98, polo que se regula a autorización e se crea o rexistro de xestores e produtores de residuos perigosos.
- Orde do 28/02/89 e Orde do 13/06/90, polas que se regula a xestión de aceites usados.
- Resolución do 28/10/98 pola que se fai público o Plan de Xestión de RSU de Galicia.
- Lei 38/72 de protección do ambiente atmosférico.
- Decreto 833/75 polo que se desenvolve a Lei anterior.
- Lei 7/97, de protección contra a contaminación acústica en Galicia.
- Decreto 150/99, que desenvolve a lei anterior.

## RECOMENDACIONES

- Cando se realiza a limpeza das zonas comúns asfaltadas mediante varredoras mecánicas e non con manguera, diminuímo-lo consumo de auga asociado á dita limpeza.
- É unha boa práctica medioambiental asegurarse de que a cantidade de auga empregada na limpeza, en xeral, é a axeitada.
- Podemos instalar dispositivos limitadores de presión e difusores en lavabos e duchas, que aseguren o nivel da enxaugadura axeitada pero con menor custo de auga.

• Nas zonas de servizos comúns poden instalarse billas monomando con temporizador de forma que se elimine a posibilidade de que queden billas abertas.

• Pódese reduci-lo volume das cisternas do WC mantendo a eficacia da acción limpadora.

• Nas cocinas procure que a limpeza óptima de verduras en barreños, e non coa auga sempre aberta.

• Fomente medidas de recollida segregada dos residuos (cartón e papel, latas de aluminio, residuos orgánicos, residuos plásticos e vidro) xa que os devanditos materiais poden ser reciclados.

• Se conectamos o lavalouzas e a lavadora a media carga consúmese maior cantidade de auga, enerxía e deterxentes. Manteña o termostato de ámbolos dous equipos a temperaturas non moi elevadas, xa que o maior consumo de enerxía prodúcese mentres se quenta a auga.



## RECOMENDACIÓNS

Na cociña, os fornos, fogóns e placas deben ser limpados frecuentemente para asegurar que as graxas non impidan a transmisión de calor.



- Non utilice nos lavalouzas deterxentes que conteñan cloro ou fosfatos.

- Ó utilizar produtos de limpeza siga as recomendacións do fabricante en canto a dosificación, así asegurará un consumo correcto e evitará contaminación.

- Vixie os produtos químicos que emprega nas instalacións e busque aqueles identificados como dunha menor agresividade medioambiental.

- Promova medidas para aforrar no lavado de toallas, recomende ós clientes que sexan eles os que decidan se deben ser lavadas ou non (colocándoas no toalleiro ou no chan). Deste xeito reducirá consumos de recursos innecesarios e dará opción ós seus clientes a que contribúan á mellora ambiental.

- As toallas e as sabas vellas pódeas reutilizar como trapos de limpeza. Non empregue panos de mesa ou rolos de papel para tal fin xa que aumentará a cantidade de residuos xerados.

## RECOMENDACIÓNS

- Presente publicidade medioambiental verdadeira, xa que se non é así o dito engano pode resultarlle caro. Teña en conta que os consumidores cada vez se amosan máis escépticos respecto a este tipo de informacións. Evite os datos inexactos que poden volverse na súa contra.

- Canto máis saiba unha empresa acerca dos temas de medio ambiente e de ecoloxía que se presenten no mercado maiores serán as oportunidades que terá.

- Unha boa práctica é considera-lo uso de referencias ó medio ambiente na publicidade, nas promocións de vendas e no patrocinio de actividades; axudará á conservación do contorno e mellorará a imaxe da empresa.

- Pode da-la oportunidade de colaborar co medio ambiente ós seus clientes facilitándolles a información axeitada, e poderá ter un aforro de custos como valor engadido. Nas habitacións son especialmente importantes as informacións con instrucións concretas para o aforro enerxético e de auga.

- A participación de todos nesta tarefa é fundamental, pode fomentala instalando taboleiros de anuncios especiais para informar sobre o ambiente e a súa protección. Pódense incluír carteis, recortes e fotos, e aceptar suxestións.



## RECOMENDACIONES

Formación, información e sensibilización de traballadores e usuarios:  
educación ambiental.



*A formación ambiental do persoal da empresa e a información ós usuarios permitirá a súa colaboración para conseguir éxitos nos programas de minimización de consumos de recursos naturais que a empresa decida acometer.*

- Fomente prácticas de formación nos seus empregados para que saiban comunicar ós clientes as melloras medioambientais dos servizos que pode ofrecer-lle o seu establecemento: un bo programa de información medioambiental axuda a explicar ós usuarios a razón das actuacións emprendidas no centro turístico e dá a oportunidade de solicitar a colaboración dos clientes.
- Os centros turísticos deben estar preparados para detectar e dar resposta ás precaucións medioambientais dos consumidores, xa que se poden converter en vantaxes para os centros que se adiantaran a dar solucións ás preocupacións ecolóxicas dos seus clientes.
- A xerencia, así como os traballadores dos centros turísticos, deben saber que o coñecemento medioambiental da clientela vai en aumento, por iso non se lle deben presentar produtos nin servizos cunha publicidade ambiental enganosa.
- A formación ambiental do persoal da empresa e a información ós usuarios permitirá a súa colaboración para conseguir éxitos nos programas de minimización de consumos de recursos naturais que a empresa decida acometer.
- O uso incorrecto da publicidade verde leva consigo a desconfianza do usuario concienciado.

## RECOMENDACIONES

Conséguese aforros de auga realizando inspeccións da instalación de fontanería para detectar fugas, e polo tanto sobreconsumos de augas por avarías.



- Unha variación de 1° C pode supoñer un menor ou maior consumo do 6%. Debemos controla-la temperatura da instalación, baixando, se é necesario, o termostato xeral, de maneira que a calefacción en inverno non sexa excesiva ou a temperatura en verán demasiado baixa. A temperatura en verán non debe baixar dos 22° C. No caso de equipos individuais de calefacción e aire acondicionado débense realizar controis dos termostatos para evitar excesos de consumo de enerxía.
- Manter limpas as bombillas e lámpadas permite un aforro de ata un 10% do consumo eléctrico.
- Realización de auditorías do consumo eléctrico. Nelas determinase o consumo eléctrico da instalación, os puntos conflictivos de iluminación, é dicir, zonas onde a iluminación artificial sexa moi necesaria, e as zonas nas que non o sexa tanto, polo que se pode recorta-la iluminación artificial. Realizar medicións de consumo por zonas (cociñas, lavandería, restaurante, piscina, xardíns e exteriores) axudaranos a controla-lo noso consumo de enerxía.
- A substitución dos sistemas de iluminación por sistemas de baixo consumo pode permitir un aforro de ata o 80% de enerxía.

## RECOMENDACIONES

Os apliques opacos nas lámpadas minimizan a efectividade da iluminación artificial polo que se produce un maior consumo de enerxía eléctrica.

- Non é recomendable apaga-los tubos fluorescentes en zonas onde sexa necesario volver encendelos en menos de cinco horas, xa que o seu maior consumo de enerxía prodúcese no encendido.
- Podemos aforrar enerxía colocando interruptores temporizados que aseguren a desconexión da iluminación tras un tempo (cabins de teléfono, servicios, corredores...) ou dispoñendo detectores de presenza que activen ou desactiven a luz (xardíns, corredores...).
- Os tubos fluorescentes esgotados ou avariados son resífuos tóxicos debido ó seu contido en mercurio; hai empresas que se encargan da súa eficiente xestión.
- O aceite usado da maquinaria debe ser xestionado adecuadamente, xa que é un residuo moi contaminante. Un litro de aceite usado vertido ás canles de auga contamina darredor de 100.000 litros de auga.
- A limpeza asidua e periódica dos filtros dos equipos de aire acondicionado asegura que o consumo enerxético non se dispare. É importante realizar unha revisión regular dos equipos de aire acondicionado e de refrixeración para minimiza-las perdas na atmósfera de CFC (gases refrixerantes que destrúen a capa de ozono).
- Illar termicamente os edificios e sobre todo as ventás permite un aforro de enerxía considerable ó evita-las perdas de calor e frío. Por iso tamén é conveniente illa-las conduccións de climatización.



## RECOMENDACIONES

Servicios de comedor e cociña en restaurantes, hoteis, bares, cafeterías, cámpings, parques lúdicos e centros turísticos en xeral.



- Podemos aforrar evitando o lavado das hortalizas e verduras deixando corre-la auga se o realizamos mediante a introducción destas en almofías.
- Contribuiremos a reduci-los residuos evitando, no posible, o emprego do papel de aluminio e

recubrimientos de plástico para envolve-la comida sobrante. É mellor facelo en friameiras ou recipientes metálicos, evitando a produción de residuos de plástico e papel de aluminio. Debe saber que o plástico cando se retira arrastra ata un 3% da comida. O mesmo sucede coas comidas preparadas envasadas.


- Na cociña podemos aforrar enerxía cociñando en recipientes e potas axeitados ó tamaño do fogón, e empregando cazolas de ferro ou aceiro inoxidable. Permiten o mesmo fin que as de aluminio, pero a obtención dos materiais non supón tanto gasto enerxético.
- Manter ben pechada a porta do forno e reduci-los tempos de prequentamento deste (cando sexa posible) contribuirá a un aforro do consumo de enerxía.
- Non se deben introduci-los alimentos aínda quentes nas cámaras frigoríficas, nin abri-las portas das cámaras e neveiras innecesariamente, xa que así escápase o frío e pérdese enerxía.



*O aceite de cociña usado é un produto altamente contaminante das augas polo que será importante que non sexa vertido nos desaugadoiros.*

## RECOMENDACIONES


Un litro de aceite usado vertido ás canles de auga, contamina darredor de 100.000 litros de auga.



- Os fosfatos nas canles fluviais teñen consecuencias nocivas porque axudan ó crecemento en exceso de algas (denominado eutrofización), que impiden a vida ó resto da fauna. Procure a compra de deterxentes sen fosfatos.
- Na compra de equipos novos solicite datos sobre consumo de enerxía e se conteñen substancias que destrúen a capa de ozono. Cada vez existen máis equipos respectuosos co medio ambiente, que aínda que inicialmente poden resultar máis caros, á larga vanlle axudar a aforrar diñeiro.
- Promova a utilización de papel reciclado para facturas, cartas de restaurante, sobres, tarxetas de visitas, etc... Contribuiremos ó desenvolvemento sostible e esta acción redundará ó mesmo tempo nunha mellora da imaxe medioambiental da súa empresa.
- A compra de papel hixiénico branco é máis respectuosa co medio ambiente que a compra de papel de cores, xa que na fabricación do último empréganse colorantes e pinturas que poden contamina-lo solo.
- Os fosfatos nas canles fluviais teñen consecuencias nocivas porque axudan ó crecemento en exceso de algas (denominado eutrofización), que impiden a vida ó resto da fauna. Procure a compra de deterxentes sen fosfatos.

## RECOMENDACIONES


Actividades deportivas, piscinas, golf, cámpings, excursións, actividades de ocio, xardíns, zonas de paseo.



- Podemos fomentar nos centros turísticos aquelas actividades de ocio e diversión respectuosas co medio ambiente: ximnasia ou paseo a pé ou en bicicleta, montar a caballo, visitas a lugares de interese medioambiental. Hai deportes e actividades que supoñen un gran impacto sobre a natureza: trial, motos acuáticas, ...
- Podemos reduci-lo consumo eléctrico se se dispón un sistema que asegure que a luz dos xardíns e exteriores só se emprega cando é necesario, mediante sistemas de detección da intensidade da luz.
- Se se regan os xardíns e zonas verdes con técnicas de rega por goteo ou microaspersión redúcese o consumo de auga para tal fin fronte á tradicional rega con manguera.
- Realiza-la rega en horas de pouco sol permitir facer mínimas as perdas por evaporación.
- É boa práctica ambiental plantar árbores nos xardíns para a creación de zonas de umbría. Ademais de que en verán son moi confortables para os usuarios, a sombra reduce a temperatura do chan, diminuindo as perdas de auga por evaporación, o que implicará que as devanditas zonas deberán regarse con menor asiduidade.

## RECOMENDACIONES

- Os materiais orgánicos resultantes das podas nos xardíns pódense segregar do resto de lixo, para que sexan empregados para a produción de compost. O compost é un abono orgánico que resultaría útil como tal nos xardíns das instalacións.
- É interesante para a conservación do contorno a plantación de árbores e arbustos autóctonos.



- Debe evitarse o abuso de pesticidas e herbicidas. No caso de que deba facerse, cómpre considerar aqueles dunha menor agresividade medioambiental e ter en conta que os residuos de envases destes produtos son residuos perigosos e que deben ser xestionados como tales.
- Os fabricantes de pesticidas e herbicidas subministran nas etiquetas información respecto ás normas de almacenamento e uso para facer mínimos os riscos tanto de seguridade como de saúde. Se seguimos as súas instrucións beneficiaremos ó medioambiente.
- Cando sexa posible debe valorarse a instalación de sistemas para a captura da auga de chuvia para a rega de xardíns. Nos casos nos que sexa factible, pódese estudar a posibilidade de empregar a auga depurada municipal ou das súas instalacións se é que teñen depuradora, para auga de rega de xardíns e zonas verdes.

## RECOMENDACIONES

Xestión de compras de materiais e alimentos. Compras de recambios e equipos, electrodomésticos, produtos químicos.

- Fomente e eduque á empresa na compra de produtos ecolóxicos e de produtos de envases reciclables. Para iso deberá coñecer os símbolos que acreditan que un produto é ecolóxico ou que un envase é reciclable. Distinga o significado de cada etiqueta xa que lle indicará as características ambientais do produto.
- Á hora de valoralo custo dun produto teña presente criterios ecolóxicos. Non descarte produtos que poidan resultar máis caros a curto prazo se, á larga, son máis duradeiros e/ou consumen menos enerxía e menos recursos. Por exemplo: pesticidas e herbicidas cun menor grao de toxicidade, produtos de limpeza, xabóns e champús sen fosfatos, produtos co menor número de envoltorios ou que eses envoltorios sexan biodegradables.



- **Etiqueta ecolóxica:** outórganse a aqueles produtos que teñen unha menor incidencia sobre o medio ambiente, xa que cumpren cunha serie de criterios ecolóxicos definidos previamente pola análise do ciclo de vida do produto.
- **Reciclable:** o símbolo das tres frechas en círculo indica que o material de envase é reciclable.
- **Punto verde:** outórganse a aqueles envases adheridos a un sistema integrado de xestión que asegura a súa recollida, o que facilitará a posterior valorización e reciclaxe do material destes envases.